Ateneo Ferrolán



ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Abril - Maio - Xuño 2007]

Xentes
CLARA CAMPOAMOR

Falamos de
Día das Letras Galegas
MARÍA MARIÑO

Artigos
DENDE ACÁ PARA ACOLÁ
de Paula Meizoso

ALAN WATTS
por Arantxa Serantes



ENTRE TODOS PODEMOS E DEBEMOS CAMBIAR A SITUACIÓN

nº 27

E ademais OUTRAS ENTIDADES, SERVIZOS, BREVES, CONVOCATORIAS ... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE





RECINOR

RECINOR nace coa prioridade de paliar un asunto tan crítico como o que supón o vertido de residuos de construcción. Adoptando a única solución posible que existe, o RECICLAXE, a REUTILIZACIÓN e a REDUCCIÓN de dichos residuos, chegamos a colocar máis do 80% do producto de novo no mercado.

"Todo residuo potencialmente reciclable o valorizable deberá ser destinado a estos fines, evitando su eliminación en todos los casos que sea posible"

Art. 11 punto 2, da Ley 10/1998 de abril, de Residuos (BOE nº 96, de 22/04/1998)



Ateneo Ferrolán

SUMARIO



ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN

Nº 27

Abril-Maio-Xuño
2007

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

COPYRIGHT

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS e CABECEIRAS
Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Bettina Korten, Vales, Juan J. Burgoa, Arantxa Serantes, Paula Meizoso Alonso, Eliseo Zaera.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRAL LIBRERA, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, RECINOR, PARADOR DE TURISMO E MOLDURAS COBELO.

EXPOSICIÓN HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN 2006

Explicación necesaria a socios, socias e á cidadanía en xeral.

Dende hai anos, un dos compromisos deste ATENEO FERROLÁN foi dedicar cada ano unha exposición antolóxica a un artista ferrolán. Ano tras ano , dende 1996, realizamos nove exposicións a cal máis salientable ... *Carlos Villaamil, Francisco Iglesias, Ricardo Segura Torrella, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena López, Carlos Merino e Luis Jaime.*

A que facía o número 10 correspondíalle ao destacado pintor ferrolán **José González Collado**. A súa elaboración desenvolveuse seguindo o plano das outras nove que chegaron a bo termo. Sucedeu que unha serie de coincidencias puxeron a súa realización no fío da balanza do si ou non levala a cabo.

O tema era en síntese: **si** organizada polo ATENEO FERROLÁN coa colaboración do Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña, como TODAS, cun catálogo de máis ou menos 70 páxinas ou **si** asumida polo autor cun catálogo de 240 páxinas.

A situación, para as posibilidades do ATENEO FERROLÁN non ofrecía dúbidas.

Obviando detalles, discusións e xestións de todo tipo co artista, no Concello e na Deputación, o resultado foi que, co mellor sentido do práctico, chegouse a un entendemento para respectar e garantir o obxectivo fundamental, a exposición-homenaxe, cedendo todo o protagonismo , incluso o económico ao autor/artista, nunha homenaxe absolutamente merecida, a JOSÉ GONZÁLEZ COLLADO ao que o Torrente Ballester (Concello Cultura) dedicou case que dous meses (decembro-xaneiro) unha antolóxica exposición asumindo o artista un espléndido Catálogo de 230 páxinas nunha notable edición.

O ATENEO FERROLÁN non fixo máis que poñer todo o seu empeño en facilitar que a merecida exposición-homenaxe puidera realizarse.

A Escola da Vaca
Cursos para o novo século
Rúa Dolores 81, Baixo
15402 FERROL
Tlfno: 981 364 038
Sección Clásica
Piano
Violino
Arpa
Clarinete
Flauta
Chelo e Viola
Sección Común
Técnica Vocal
Música Infantil
Orientación Musical
Sección Actual
Batería
Baixo
Guitarra Eléctrica
Guitarra Acústica
Saxo
Piano Jazz
Sección Folc
Acordeon
Violino
Flautas
Gaitas
Cordas
Aberta a inscripción
Centro de ensino musical
Dende os 3 anos tódalas idades



Bodega
Madalena, 147



Ateneo Ferrolán



ando consigamos poñer en circulación esta nova ATENEA, o nº 27 xa, terá aumentado a presión de onda político-social por mor da inminente confrontación das próximas eleccións municipais.

Xa no número anterior, tamén na editorial, lanzamos a modo de mensaxes dúas ideas básicas que nos gustaría tivesen a máxima difusión pola súa lóxica esmagante.

É certo que as dúas mensaxes citadas refírense a dous temas moi concretos, de grande repercusión a nivel xeral e para o noso entorno e o noso futuro, pero dende o punto de vista da política municipal do tratamento e desenvolvemento de todo o que atinxe ao noso Concello, a lóxica sería repasar programas, promesas, planos do equipo gobernante dos derradeiros catro anos e xunto coas lexítimas esperanzas da cidadanía, tomar unha decisión para o próximo mandato.

Pero a situación de Ferrol certamente non necesita unha análise comparativa desa natureza, a cuestión é moito máis sinxela. É suficiente con mirar ao redor e considerar media ducia ou máis, que é necesario apoiar un cambio, xa, que nos permita recuperar as lexítimas esperanzas que todo cidadán ten: Praza de España, Praza de Armas, Praza do Mercado e Aparcadoiros, o Foso e a Muralla, o Bertón e as Casas Baratas, as rúas, o Barrio da Magdalena, o Barrio de Ferrol Vello, Chá de Brión, Menáncaro, Sartaña, expropiacións de Canido ... bo, lamentablemente nin unha soa cousa rematada, resolta, e o que é máis grave, en case que todas, enfrontamentos cos cidadáns, coa Xunta, entre os Partidos Políticos, coas Asociacións Veciñais, en fin máis lonxe que nunca dun mínimo nivel de resultados positivos para a cidadanía e para a imaxe de cidade que todos e todas desexamos.

Con valentía e esperanza, sumemos esforzos e adiante!

Calquera intento pode ser o primeiro paso dun esperanzador comezo das solucións!

ATENEO FERROLÁN

INTERNET NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA DO ATENEO FERROLÁN

INFORMAMOS DUN NOVO SERVIZO QUE O ATENEO FERROLÁN DISPÓN NA SÚA BIBLIOTECA-HEMEROTECA.

OFRECEMOS A CONEXIÓN A INTERNET PARA OS **PORTÁTILES** DOS USUARIOS E USUARIAS DA BIBLIOTECA-HEMEROTECA.

CUSTE CONEXIÓN:

1 HORA - 0,50 • PARA OS SOCIOS E SOCIAS

1 HORA- 1,50 • PARA O PÚBLICO EN XERAL



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS




Brigantium. Nº 18-19
"Os galaicos no 1200 a.C."
ISSN: 0211-318X



Estudios Mindonienses. Nº 22
ISSN: 0213-4357

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.



GPS.Galicia por seccións. Nº 3
D.L.: VG-888-2006



Murguía. Revista de historia.
Nº 10. ISSN: 1696-9197

PRENSA
local, rexional e nacional

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

Galicia Hoxe

El Correo Gallego

A Nosa Terra

Faro de Vigo

La Opinión de A Coruña

El País

El Mundo

De luns a venres

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:

Fundación Pedro Barrié de la Maza, Ministerio de Defensa, Consorcio de Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia, Familia Roca Alcalde, ademais de fondo documental e bibliográfico da Asociación Chaborré Calé (recentemente desaparecida)


Por outra banda, A FUNDACIÓN PEDRO BARRIE DE LA MAZA ven de anunciar a concesión de axuda para o PROXECTO DE COLABORACIÓN coa nosa BIBLIOTECA-HEMEROTECA.

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Da muller da súa casa á muller do porvir
Concepción Arenal Ponte
Ed. Xunta de Galicia-Sotelo Blanco
ISBN: 84-7824-495-6




María Mariño. Obra completa
María Mariño
Ed. Xerais
ISBN: 84-9782-491-1



Guía de castros de Galicia e noroeste de Portugal
Francisco Sande y Faustino Infante
Ed. Xunta de Galicia.
ISBN: 84-453-4270-3

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.



O corazón das cidades. Cascos históricos de Galicia
X. Lobato; R. Villares; C. Braña e J. L. Gómez
Ed. Fund. Caixa Galicia.
ISBN: 84-9785-289-3




Los franceses en Galicia. Historia militar de la guerra de independencia en Galicia (1809)
Juan Manuel Osuna Rey
Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza
ISBN: 84-95892-55-3

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 115 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música...
E máis de 300 longametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual



Ateneo Ferrolán

SEN QUE NINGUÉN MEDIASE PARA QUE ISTO NON ACONTECERA

DISÓLVESE A ASOCIACIÓN CHAVÓS

A **Asociación Chavós** -que en caló quere dicir rapaces- xurdiu a principio dos anos 80 en Ferrol no seo do claustro de profesores do Colexio Público Chavorré Calé. Eran tempos en que nas institucións non se entendían as medidas socio educativas sobre alumnados distintos, e cando a interculturalidade non se contemplaba nas facultades de Ciencias da Educación.

Agora, case vinte anos despois, a Asociación xa non estaba vencellada exclusivamente ao ensino. Ademais, se nun primeiro momento o ámbito de actuación de Chavós foi a cidade de Ferrol, agora a Asociación emprendía accións tamén na Coruña e Santiago.

Con todo, os obxectivos cos que naceu os segue inspirando na actualidade: proporcionarlle ao pobo xitano as ferramentas necesarias para que poida lograr en pé de igualdade a súa incorporación e convivencia coa sociedade maioritaria, e, doutra parte, lograr na poboación non xitana a desaparición de estereotipos negativos mediante o coñecemento da cultura xitana e da súa realidade, dende un punto de vista positivo, sen que estea deformada polo espello do racismo e da ignorancia.

Por iso a **educación** era o eixe principal das intervencións de Chavós sobre a poboación xitana: dende programas de apoio á primeira infancia (transporte e monitoraxe para xardíns de infancia) e apoio escolar en horario non lectivo para tódolos niveis do proceso educativo, ata cursos de graduado escolar dirixido a alumnos que finalizaron a súa escolarización sen o acadar e programas de alfabetización de homes e mulleres adultos.

Pero tamén acomete outras medidas de apoio en relación coa tramitación e información con respecto de acceso á vivenda, bolsas, subvencións..., a erradicación do chabolismo, a formación ocupacional ou a animación sociocultural.

A orixe do Colectivo de Ensinantes con Xitanos de Galicia hai que buscalo nas antigas escolas pontes creadas a finais da década dos 70. En 1979 a escola ponte Chavorré Calé de Ferrol participou nas primeiras Xornadas de Ensinantes con Xitanos, en Huesca, que significou o inicio da cooperación con outros colectivos de ensinantes xitanos.

Xa en 1986, a Asociación de Ensinantes Xitanos fundou a Asociación Chavós.

Nos anos noventa contaba cun persoal de 13 persoas, cunha actuación que abarca a toda a comunidade galega.

"Os programas desenvolvidos pola asociación van dirixidos a unha poboación de 1400 persoas das comunidades xitanas de Ferrol e Santiago, participando de forma directa nos cursos e actividades ao redor de 350 persoas. As actividades de sensibilización e formación están abertas a profesionais".

ROTEIROS POLA HISTORIA DE GALICIA
EXCURSIÓN RIBADEO - TARAMUNDI

Para o sábado **día 2 de xuño** estamos a organizar unha **EXCURSIÓN a TARAMUNDI**.

Saída ás 08 h. por Vilalba e Mondoñedo cara á famosa Praia das Catedrais. Tempo libre para pasear e gozar do entorno e traslado a Ribadeo, vila con casas nobres da Ilustración do século XVIII sita na ría que separa Galicia de Asturias. Tempo libre e ***almorzo en restaurante (pulpo a la gallega + ternera asada + postre, agua e viño).*** *Pola tarde continuación por Vegadeo a Taramundi, pequena aldea sita na zona de Os Oscos e cunha longa tradición na arte do forxado que data da época dos romanos, os primeiros en explotar as minas de ferro da zona. Posibilidade de visitar algunhaa das súas forxas e a Rectoral, establecemento hoteleiro considerado como o buque insignia do turismo rural no Principado de Asturias. Tarde a nosa disposición e a última hora reanudación da viaxe por Pontenova, Meira Vilalba cara a Ferrol. Breves paradas en ruta e chegada sobre as 22 h.*

FIN Da VIAXE

CLARA CAMPOAMOR 75 ANOS DESPOIS



A ningún político de ningunha época, a ningún deputado ou representante do pobo debe tanto a democracia en España como a Clara Campoamor. Debémoslle nada menos que o sufraxio universal, idea aparentemente moi admitida pero que para facerse realidade precisa que as mulleres teñan os mesmos dereitos electorais que os homes, durísima tarefa que consumiu en case todos os países as enerxías de varias xeracións de mulleres e de homes amigos da igualdade. No noso, conseguiuse de vez, sen aparente esforzo, porque o esforzo fíxoo unha soa persoa.

Clara Campoamor foi unha muller que se fixo a si mesma, que loitou sempre contra todo, contra todos e contra todas -«a miña lei é a loita», dicía- para conseguir unha España onde o berce fose unha orixe, non un destino, e onde a Lei non fose un castigo senón un amparo. Naceu o 12 de febreiro de 1888 nunha familia humilde do madrileño barrio de Marabillas. O seu pai, Manuel Campoamor Martínez, nacera en Santoña e era contable nun xornal madrileño. A súa nai, Alicerce Rodríguez Martínez, era modista, e dos tres fillos que tivo o matrimonio viviron dous, Clara e Ignacio. Cando Manuel morreu, Alicerce tivo que sacar a todos adiante co seu traballo. Clarita deixou a escola e púxose a axudar á súa nai repartindo roupa. Entrou logo de dependenta nunha tenda e aos 21 anos fixo oposicións para auxiliar do Corpo de Correos e Telégrafos. Gañounas e empezou a traballar en 1910 en San Sebastián.

En 1914 fai oposicións para profesora de adultas no Ministerio de Instrución Pública, gañándoas co número un. Pero só pode ensinar taquigrafía e mecanografía, xa que non tiña sequera o Bachalerato. Decide entón estudar mentres segue axudando á familia. Ademais das súas clases, traballa como mecanógrafa no Ministerio e no diario maurista *A Tribuna* como secretaria do director, Cánovas Cervantes, máis coñecido como O Nini (nin en política era Cánovas, nin escribindo Cervantes). A Clara este posto permitiulle, con todo, coñecer a xente, interesarse pola política e convencerse de que ese era tamén o seu sitio. En 1920, cumpridos xa os 32, empeza unha vida nova: matricúlase como alumna de Bachalerato, que termina en dous anos, e a continuación na Facultade de Dereito, concluíndo a carreira noutros dous. Con 36 anos convértese nunha das poucas licenciadas españolas e disposta a exercer, cousa que fai desde 1925. As súas ideas sobre a igualdade da muller achéganа ao PSOE e prologa o libro de María Cambrils *Feminismo Socialista*, dedicado a Pablo Iglesias. Pero nin ela era socialista nin aceptaba a colaboración do PSOE coa Ditadura. Creou a Asociación Liberal Socialista, pero deixouna cando non puido conseguir a súa definición republicana. Mantivo unha gran actividade como conferenciante na Asociación Feminina Universitaria e a Academia de Xurisprudencia, defendendo sempre a igualdade da muller e a liberdade política.

Ilexítimo pero con indubidable ánimo renovador, o réxime primorriverista ofreceu a tres avogadas novas e prestixiosas -Clara Campoamor, Vitoria Kent e Matilde Huici- entrar na Xunta do Ateneo. Só Vitoria Kent aceptou. Cando a Academia de Xurisprudencia outorgou a Clara Campoamor a Cruz de Alfonso XII, polo seu Premio Extraordinario, tamén a rexeitou, como xesto republicano. Malia a súa orixe humilde e a súa rápida ascensión social, non abandonou a austeridade na súa vida privada nin a fidelidade aos seus principios.

Traballou con Martí Jara, bo amigo de Azaña, no embrión de Acción Republicana, en cuxo Consello Nacional figurou ao principio. Nunca logrou o seu ideal estratéxico: a fusión de todos os republicanos nun gran partido de centro, con Azaña como delfín natural de Lerroux.

Trala sublevación de Galán e García Hernández en Jaca, o seu fusilamento e o proceso do Comité Revolucionario, Clara asumiu a defensa dos implicados, entre eles o seu irmán Ignacio. Os pobres pagárono máis caro que os ricos, como recordou despois. O abandono do trono por Alfonso XIII, tralo triunfo republicano nas grandes cidades, levou ao Poder da noite para a mañá aos seus clientes, convertidos en Goberno Provisional. Convocáronse eleccións a Cortes Constituíntes e aínda que o mito di que a República deu o dereito ao voto á muller, non foi así. A II República supuxo un retroceso fronte ao dereito de voto feminino par-



cial outorgado por Curmán de Rivera. En 1931, a muller puido ser elixida, non electora. E Clara Campoamor saíu deputada nas listas do Partido Radical, ao que se afiliou por ser «republicano, liberal, laico e democrático». O seu propio ideario político.

Formou parte da Comisión Constitucional, de 21 deputados, e alí pelexou eficazmente por establecer a non discriminación por razón de sexo, a igualdade legal dos fillos habidos dentro e fóra do matrimonio, o divorcio e o sufraxio universal, xeralmente chamado voto feminino. Todo conseguiuno menos o voto, que tivo que debaterse no Parlamento. E alí é onde Clara Campoamor gañou un posto imperecedeiro na memoria da liberdade española.

A esquerda, con excepción dun grupo de socialistas e algúns republicanos, non quería que a muller votase porque se supoñía que estaba máis influída pola Igrexa e ía favorecer ás dereitas. Estas tampouco o querían pero o apoiaban porque crían que lles podía favorecer. Entón, o partido Radical Socialista puxo fronte a Clara á outra deputada, Vitoria Kent, para negar o voto da muller aprazándoo sine die. O debate foi extraordinaio e a Campoamor arroiou. Pero non tiña maioría. Conseguiuna co apoio da minoría dereitista, a maioría do PSOE e algúns republicanos. Vitoria Kent e os radicais trataron de gañar o perdido mediante unha enmenda constitucional, pero Clara desbaratouna.

Cando a dereita abandonou o Parlamento pola Lei de Congregacións fíxose o último intento para impedir o voto feminino, pero a Campoamor non só se impuxo no debate senón que, contra prognóstico e por só catro votos, gañouno. Apoiándose no PSOE e nalgúns republicanos de dereita, derrotou aos socialistas de Prieto e aos republicanos do seu propio partido, o Radical, o Radical Socialista e o de Azaña. Prieto saíu do hemiciclo dicindo que aquilo era «unha puñalada trapera á República». Houbo un gran escándalo. E cando no 33 CEDA gañou as eleccións e Lerroux formou goberno, sen eles e con eles, toda a esquerda botoulle a culpa da súa derrota a Clara Campoamor. Foi a súa morte política.

No 33 non conseguiu renovar o seu escano, no 34 abandonou o Partido Radical pola súa subordinación á CEDA e os excesos na represión do golpe revolucionario de Asturias. Pero cando, en 1934, pediu, coa mediación de Casares Quiroga, ingresar en Esquerda Republicaca -fusión de radicalsocialistas, azañistas e galeguistas-, sometérona á humillación de abrirlle un expediente e votar en público a súa admisión, que foi denegada.

Dúas afiliadas pasearon no alto a súa bóla negra, xactándose da vinganza. Non entrou nas listas da Fronte Popular, que gañou por unha maioría máis ampla que a dereita en 1933 e, evidentemente, co voto feminino. Ninguén lle pediu desculpas. Escribiu entón, e publicou en maio de 1935, *O meu pecado mortal. O voto feminino e eu*, testemuño das súas loitas parlamentarias e un dos libros políticos máis admirables e menos divulgados do século XX español.

A guerra pillouna por sorpresa e fuxiu de Madrid temendo que a paseasen os seus republicanos. En 1937 publicou en París *A revolución española vista por unha republicana*, en francés, nunca editado en español. Viviu unha década en Bos Aires e gañou a vida traducindo, dando conferencias e escribindo biografías -Concepción Arenal, Sor Juana Inés da Cruz, Quevedo-. Tratou de volver a finais dos 40 e a comezos dos 50, pero atopouse con que tiña que ser depurada por pertencer á loxia masónica Reivindicación. A diferenza doutros exiliados, ela negouse a declarar por un delito legalísimo cando se cometeu. Así, por principios, quedouse no exilio para sempre.

En 1955 instalouse en Lausanne (Suiza), traballando nun bufete ata que perdeu a vista. Morreu de cancro e nostalxia en abril de 1972 e mandou que os seus restos fosen incinerados en San Sebastián, onde se achaba ao instaurarse a II República.

ferrol e "A ILUSTRACIÓN"

A MAGDALENA

centro comercial aberto

AS NOSAS TENDAS

Ateneo Ferrolán

DÍA DAS LETRAS GALEGAS ANO 2007

MARÍA MARIÑO

Noia 1907 - Parada do Courel 1967
Dinamiteira da Fala. Unha desas creacións insólitas da literatura galega

por Ana Romaní

María Mariño Carou é unha figura singular no contexto da literatura galega pola obra, pola biografía, pola recepción. Vintesete anos separan a publicación do seu primeiro libro *Palabra no Tempo* da edición de *Verba que comeza*. Ao longo dese tempo creouse arredor desta escritora un veo de misterio, alimentado polo seu afastamento do mundo literario.

Naceu en Noia no ano 1907. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, era a cuarta de cinco irmáns. A súa infancia e xuventude nesta localidade están marcadas polas dificultades económicas da familia, uns anos -poucos- de escola e logo traballa como costureira polas casas. As amigas lémbrana como unha persoa estraña e solitaria. O traslado a Escarabote (Boiro), onde unha tía súa traballaba de cociñeira no Pazo de Goián, que tiña unha boa biblioteca, permítelle o acceso a algunhas lecturas. Ese descoñecemento da cultura libresca é un dos aspectos subliñados por Uxío Novoneyra, ao insistir na orixinalidade da súa escrita.

Casa en Boiro co mestre Roberto Posse Carballido e despois dun breve período de tempo no País Vasco, onde morre o seu único fillo ao mes e medio de nacer, regresan a Galicia. Instálanse, por motivos de traballo, primeiro en Romeor do Courel e logo en Parada, a onde se trasladan por consello médico a causa da depresión nerviosa que sofre a escritora. Neste lugar pasará María Mariño o resto da súa vida, fai algunha viaxe a Noia e Monforte e as vacacións nos últimos anos na cidade da Coruña. No Courel coñece a Uxío Novoneyra, quen promove a publicación do seu primeiro libro. *Palabra no Tempo* edítase no ano 1963 na colección "Tesos Cumes" da editorial Celta. No prólogo Ramón Otero Pedrayo saúda a "revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora coas cousas, de un desvelamento e senso tráxico do ser do tempo na serra". María Mariño comezara a escribir seis anos antes, primeiro en castelán, logo en galego.

Sen apenas relacións no mundo literario, o illamento e a marxinalidade que caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a recepción da súa obra, mesmo chegou a suscitar nalgún momento dúbidas sobre a súa existencia e a autoría dos poemas. Creación singular no contexto da literatura galega, a escrita de María Mariño non obedece ás normas, a súa é unha poética crebada que tensa e racha a lingua á procura da voz que exprese ese "raro e valiosísimo mundo escuro" que, en palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, constitúe a súa obra.

Habería que agardar 27 anos desde a publicación de *Palabra no Tempo* para que se dese a coñecer o seu segundo libro; unha edición promovida por Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos e publicada polo Concello de Noia. No volume *Verba que comeza* recóllese unha ampla mostra dos poemas escritos por María Mariño no último ano da súa vida, enferma xa de leucemia. Antes, de acordo cos datos facilitados por Uxío Novoneyra, escribira dúas obras en castelán que non se coñecen: "Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra" e "Más allá del tiempo". No ano 1994 Edicións Xerais publica a *Obra Completa*.

Unha poética radicalmente intimista e unha linguaxe rupturista caracterizan, segundo Carme Blanco, estudosa da súa obra, a escrita de María Mariño. Unha personalidade literaria que se sitúa nas marxes do canónico no seu tempo. A súa figura suscitou e segue a suscitar interpretacións diversas. Unha mirada embazada durante moito tempo polo descoñecemento da súa vida e a desconfianza do proceso de escrita da súa obra.

Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel. ✠

Ateneo Ferrolán

O ARQUIVO NAVAL DE FERROL

Ás veces penso que algún mal ollo ou feitizo cae sobre Ferrol dende hai algún tempo, longo tempo xa, que fai que non atopemos algo onde recrearnos e alegrarnos o decaído espírito.

Digo isto logo de coñecer de primeira man unha situación ilóxica e case que esperpéntica como é a do ARQUIVO NAVAL DE FERROL, tal parece que o facer as cousas ao revés contaxiase pois xa son tantas nesta sufrida cidade que non sei onde imos parar.

Paréceme que para coñecer o problema nada mellor que extractar unha longa exposición de tres folios que chegou ás miñas mans e reflicte o que está a suceder.

...é innegable, aínda que con frecuencia non recoñecido, o decisivo papel que aportará Cultura como custodios, depositarios, organizadores, conservadores e comunicadores desa fracción da memoria social e, por social, histórica que reside nos fondos documentais deste país. Esta calidade supón unha porcentaxe reducida (máximo, un xeneroso 10%) do ciclo vital dos documentos e das súas fases de arquivo. A Arquivística, ciencia primeiro administrativa e logo cultural, actúa tanto sobre os fondos de interese cultural (valor secundario) como de interese administrativo, fiscal, contable, etc. (valores primarios). A Lei de Patrimonio Histórico (16/1985) recoñece esta dobre funcionalidade dos arquivos ao indicar (art..59.1) que están, na súa natureza de fondo, "ao servicio da súa utilización para a investigación, a cultura, a información e a xestión administrativa".

Coñecido pola prensa local de Ferrol o proxecto de traslado do Arquivo Naval ao edificio da antiga Capitanía Xeral do Departamento, xunto coa Biblioteca Naval.

Soubemos tamén do proxecto paralelo de converter ao antigo Edificio de Servizos Xerais da rúa María, actual emprazamento do arquivo, nunha Residencia Loxística.

Vistas así as cousas, o lóxico, ideal, práctico e aconsellable por motivo de conservación de fondos e de boa xestión presupostaria era realizar as obras de adaptación do edificio de Capitanía ao seu novo cometido e, unha vez rematadas e dotadas de material as instalacións, efectuar a traslación de documentación, material e persoal ao mesmo. Logo o edificio de Servizos Xerais quedaría libre para proceder á adaptación as súas novas funcións.

Parece que van deseñarlle unha ubicación provisional, que se pretende que sexa na base de A Graña, nun subterráneo baixo a montaña. A previsión é que esa situación se manteña un par de anos ate que estea lista a ubicación definitiva. Iso si, como soe ocorrer neste país, o provisional non se converte en permanente e o Arquivo Naval queda exiliado *ad aeternum* de Ferrol.

Os manuais de Arquivística (CRUZ MUNDET ou ALBERCH FUGUERAS, pero pode recorrerse a outros) recalcan que para deseñar a ubicación dun arquivo deben cumprirse dous grupos de esixencias:

- Maior cercanía posible aos usuarios potenciais e habituais: centros administrativos aos que serve, colectivos e institucións investigadoras e docentes e a ampla masa dos cidadáns que nun momento ou outro poden precisar dos seus servizos. Lugares de fácil comunicación e nunca emprazamentos illados deses demandantes das súas prestacións, o que faría que, na expresión de Michael Duchein, morrese de asfixia ao quedar marxinado da circulación administrativa e cultural.

- Maior seguridade posible dende os puntos de vista estratéxico, xeográfico e ambiental. Fuxir de veciñanzas con obxectivos sensibles en caso de conflito bélico (concentracións militares, nos importantes de comunicacións ferroviarias, etc..) ou con risco de incendio ou explosión; terreos húmidos ou situados preto de masas ou cursos de auga importantes (mares, lagos, ríos caudalosos, pantanos, embalses, ramplas, torrentes, etc..) ou contaminación atmos-



Ateneo Ferrolán

férica e acústica (centros emisores de verquidos e ruídos) ou de perigosidade biolóxica para os fondos documentais (especies bibliófagas ou biodepredadoras dos soportes documentais).

Os traslados de fondos documentais non son unha mudanza calquera, máxime en caso de cambio de localidade, requiren unha coidadosa planificación e unha loxística complexa que debe ser executada por persoal ou empresas especializadas. Así mesmo sempre supón un risco a conservación dos fondos afectados, máxime nun caso de dobre traslado –que duplica o risco– nun intervalo de dous anos.¿Téñense previsto estas consecuencias?

Os arquivos Naval e Militar supoñen dous importantes centros de custodia, conservación, organización e difusión documental que Ferrol se preza en ter, neles consérvase a memoria administrativa e, nalgúns casos, histórica das suprimidas Zona Marítima do Cantábrico e Rexión Militar Noroeste. A súa mellora e mantemento en localización, instalación e dotación presupostaria, persoal e material ten que ser unha preocupación constante dos altos responsables das Forzas Armadas baixo cuxa competencia se teñen cobizados, por motivos de servizo á cultura, aos cidadáns e a propia xestión administrativa. En todo caso, cabería lembrar o vello adaxio de "non espir a un santo para vestir a outro".

Dende o ATENEO FERROLÁN facemos un chamamento ás autoridades competentes para que estuden a fondo o asunto a fin de proceder con lóxica, rigor e profesionalidade no traslado do Arquivo Naval.



Ateneo Ferrolán

Un grupo de intelectuais fixeron un manifesto "pola convivencia e fronte á crispación" ao que instan a sumarse e no que consideran inaceptable facer do terrorismo o eixe da oposición".

MANIFESTO POLA CONVIVENCIA, FRONTE Á CRISPACIÓN

I.- Moitos cidadáns do noso país observamos con crecente inquietude o grao de crispación e enfrontamento en que discorre a vida política española. É propio de sociedades democráticas o debate, a confrontación dialéctica, a crítica acerba e, como non, a utilización dos dereitos de expresión ou de reunión co fin de manifestar a protesta ou o apoio. Nada do anterior débenos, pois, preocupar xa que forma parte da normalidade democrática.

II.- O que nos inquieta, pola contra, é que o debate político argumentado estea sendo suplantado pola descualificación e o insulto; que o normal funcionamento das Institucións sexa trastornado e se negue lexitimidade a quen goberna por vontade da cidadanía; que o dereito a unha información veraz se substitúa pola manipulación sistemática dos feitos a base de mentiras ou de medias verdades que confunden á opinión pública. Conxunto de procesos indesexables que aínda que non conseguiron, aínda, provocar unha creba na sociedade española, mostran xa indicios preocupantes de que se pode estar xestando esa fractura que convén detectar e soldar canto antes.

III.- Cremos, sinceramente, que este clima crispado non obedece á situación real de España. É coma se unha realidade virtual, construída ex profeso con fins partidarios ou electorais se sobrepuxese a uns feitos obxectivos que quedan así, a maioría das veces, sepultados por unha avalancha mediática que se concentra en certos temas e esquécese de todo o demais. Ben é certo que o noso país segue tendo problemas serios sen resolver sobre os que, por certo, non se incide nin se ofrecen alternativas desde a oposición. Pero ninguén, cun mínimo de honestidade, poderá negar que a economía marcha razoablemente ben, que o desemprego diminuíu, que as forzas sociais alcanzaron importantes acordos, que se produciron avances non desprezables en dereitos sociais e civís e que, en xeral, aumentou o benestar da poboación aínda que, desde logo, non en igual medida para todos.

IV.- Ante a evidencia destes feitos, toda a carga opositora concentrouse nuns supostos perigos para a unidade de España e nunha non menos suposta rendición do Estado ante os terroristas. É dicir, nada menos que ¿España rómpese e España réndese?. Convén afirmar, pois o contrario sería faltar á verdade, que tamaña desmesura non ten nada que ver coa realidade, á marxe da opinión que cada un teña sobre como administrou o Goberno tan delicados temas. As reformas dos Estatutos de autonomía, salvo o de Cataluña, foron aprobadas polos dous partidos maioritarios e supón unha falsidade obvia soster que o Estatut, xurdido das Cortes Xerais, rompe a unidade de España.

Pódese ou non estar de acordo coa política antiterrorista do Goberno, pero de aí a soster que a decisión, mediante resolución xudicial, de que un preso, por moi criminal que sexa, pase á situación de prisión atenuada, ante o risco acreditado polos médicos de que pode falecer, cando lle quedan 16 meses de condena por un delicto de coaccións, é unha rendición ante a banda terrorista ETA resulta insostible. Se do anterior se deduce, ademais, que o Goberno pactou xa coa banda, ou os seus representantes políticos, o futuro de Navarra, de Euskadi e de España, sen acreditar tan graves acusacións, parécenos que se alcanzou tal nivel de esaxeración e extremismo que se fai inviable un debate racional. Neste sentido, non é acepta-

Ateneo Ferrolán



ble converter a loita contra o terrorismo no eixe exclusivo da oposición a calquera goberno democrático. Esta postura non ten antecedentes na Unión Europea. Sobre todo cando nos últimos anos a actividade terrorista diminuíu en comparación cos centos de atentados de anteriores lexislaturas.

V.- O exceso chegou a tal punto que desde organizacións con amplas responsabilidades sociais e financiadas polo Estado, fanse chamamentos á obxección de conciencia no cumprimento de leis aprobadas polo Parlamento e desde partidos con funcións de goberno se apela á rebeldía civil fronte a un Executivo lexítimo, aducindo que a nación española está en perigo. Nun Estado democrático e non confesional, as leis faina o Parlamento e todos deben acatalas. A apropiación partidaria de bandeiras e himnos retrotraenos a épocas felizmente superadas e só pode ser causa de división. Converter a propia idea de España en bandeira é propio de ditaduras e de ideoloxías extremistas. En democracia non se pode pretender torcer a vontade cidadá nin con arengas, nin con manifestacións e menos con confusas actitudes "caudillistas". É o voto e só o voto o que debe decidir quen é o chamado a gobernar.

VI.- Esta política de confrontación inoculouse en esenciais Institucións do Estado que deberían ser inmunes ás batallas políticas. Referímonos a Institutos tan trascendentais como o Tribunal Constitucional. Ás veces dá a impresión de que se producen movementos, decisións ou manobras tendentes a alcanzar obxectivos que doutra maneira non se lograrían (Véxase o funcionamento, nalgúns casos do Consello Xeral do Poder Xudicial) e que van en detrimento do prestixio e da confianza que os cidadáns depositamos neles.

VII.- Unha situación desta natureza non debería, na nosa opinión, conducir ao Goberno a unha actitude de confrontación, pero si a unha esixencia de liderado e de capacidade de proposta. Unha parte non desprezable da cidadanía está confusa e é obrigación dos gobernos poñer remedio ao desconcerto. Non é bo esquecer que cando a manipulación ou incluso a mentira atopan eco nas persoas, iso obedece, xeralmente, a unha insuficiencia de claridade e de capacidade de comunicación por parte daqueles que administran a cousa pública.

VIII.- Nos próximos meses os cidadáns imos ter ocasión de acudir ás urnas para votar nas eleccións municipais e, en certos casos, nas autonómicas. Será, sen dúbida, unha boa ocasión- como sempre que os cidadáns votan- non só de dirimir quen debe dirixir os consistorios e os parlamentos autonómicos senón tamén de esixir aos partidos e candidatos que se ocupen dos problemas concretos dos veciños. Somos conscientes de que esta crispación inducida puido ter un efecto de fartura nos cidadáns que os inclinen cara á abstención. Nada sería máis negativo nestes momentos. Os extremismos atopan o seu espazo cando a cidadanía se abstén e nesta ocasión calquera inhibición non beneficiaría aos avances sociais senón que propiciaría os retrocesos.

IX.- Gustaríanos apelar ao bo sentido que as persoas do noso estado demostraron sempre dende a recuperación da democracia: que non nos deixemos arrastrar á confrontación en base á manipulación interesada; que evitemos dividirnos ante cuestións nas que debemos manternos unidos como a paz, a liberdade e a loita contra o terrorismo; que defendamos o Estado de dereito, as súas Institucións e os avances civís e socias fronte aos que pretenden facernos retroceder no tempo.

AXUDA A MANTER
E POTENCIAR ESTE
ESPACIO DE LIBERTADE

· FAITE SOCIO DO
ATENEO FERROLÁN

· SUSCRÍBETE Á REVISTA
ATENEA

CENTRAL
LIBRERA
Su Librería



C/ DOLORES, 2 - TELF. 981 352 719
15402 FERROL
centrallibrera@telefonica.net
www.centrallibrera.com
SE ENVÍAN PUBLICACIÓNS A TODOLOS RINCÓNS DO MUNDO

MARTES DE CINE

As proxeccións terán lugar todos os MARTES ás 19 h. no salón de actos do Ateneo Ferrolán

ABRIL. CICLO DE CINE LESGAI



3 de abril: **"101 RÉIKIAVIK"**
de Baltasar Kormákur (2000)
Intérpretes: Victoria Abril, Hilmir Snaer Gudnason, Hanna Maria Karlsdottir, Baltasar Kormákur. **Duración:** 92min. **Sinopse:** Os impulsos dun home véñense abaixo cando descobre que a muller coa que mantén relacións, e que posiblemente estea embarazada del, é ademais amante de... Fronte ao telón de fondo da vida nocturna de Réikiavik, esta curiosa comedia negra, asómanos a un universo sexual irresistible, confuso e frecuentemente divertidísimo do antiheroe protagonista.



10 de abril: **"FUEGO"**
de Deepa Mehta (1996)
Intérpretes: Shabana Azmi, Nandita Das, Kulbushan Kharbanda, Jaaved Jaafert. **Duración:** 108min. **Sinopse:** Nueva Delhi. Sita, unha guapa e intelixente muller, acepta embarcarse nun matrimonio por compromiso. Na súa nova casa séntese ben traballando na cociña e axudando á que é a alma do fogar, Radha. Pero baixo a apariencia apacible que se respira, descobre un mundo de tradicións xa desgastadas. A presenza de Sita e a súa moderna personalidade producen en Radha un efecto de sorpresa e fascinación ao mesmo tempo. Unha película sobre o desexo e as súas manifestacións.




17 de abril: **"HAMAM–EL BAÑO TURCO"**
de Ferzan Ozpetek (1997)
Interpretes: Alessandro Gassman, Francesca D'Aloja, Halil Ergun, Serif Sezer. **Duración:** 100min. **Sinopse:** Francesco e Marta dirixen un taller de artes aplicadas xunto a Paolo, un amigo de ambos. Marta se sinte subestimada e abandonada polo seu home e mantén un romance con Paolo. Francesco recibe unha carta da Embaixada de Turquía en Roma, na que lle informan que herdou unha propiedade. De mala gana, Francesco viaxa a Estambul e unha vez alí descobre que se trata dun hamam, unha casa de baños, que a súa tía rexentou durante 30 anos. Alí coñece ao garda do recinto Osman e a súa familia: Perran, a súa groseira e exuberante esposa e aos seus dous fillos, a moza Fusun e Mehmet, o mozo. Francesco decide quedarse en Turquía e restaurar o hamam, ganándose o odio dos turbios especuladores, que teñen moito interese pola propiedade.



24 de abril: **"AIMÉE & JAGUAR"**
de Max Färberböck (1999)
Intérpretes: Maria Schrader, Juliane Köhler, Heike Makatsch, Johanna Wokalek. **Duración:** 125min. **Sinopse:** No Berlín da II Guerra Mundial Lilly, esposa dun oficial nazi, dona da súa casa e nai de catro fillos, leva unha vida convencional. Felice é xudea e traballa para un periódico nazi baixo un nome falso, ademais de suministrar información á resistencia. Cando se coñecen inician unha historia de amor apaixonada. Escríbense a diario cartas e poemas cos nomes fiticios de Aimèe e Jaguar. Cando Lilly chega a saber que Felice é xudea, rompe [redacted]ións: divórciase do seu home nazi [redacted]ento. Pero, un día, as SS están espe[redacted]Berlín: Oso de Prata. Nominada ao [redacted]).


MAIO. CICLO DE CINE EUROPEO EN VERSIÓN ORIXINAL



8 de maio: **"EL EXPERIMENTO"**
de Oliver Hirschbiegel (2001)
Intérpretes: Moritz Bleibtreu, Maren Eggert, Christian Berkel, Justus von Dohnanyi. **Duración:** 120min. **Sinopse:** Chegaron buscando unha forma rápida de gañar diñeiro fácil. Agora só buscan a maneira de seguir vivos. "El Experimento" é unha viaxe de emoción e vinganza no contorno simulado dunha prisión, onde o prezo dunha vida é igual á habilidade de supervivencia. Todo empezou en nome da ciencia. 20 homes, 2 semanas. A recompensa: 2000 dólares. A investigación: o comportamento agresivo nun ambiente de cárcere simulado. Os xogadores: 8 "guardiáns" e 12 "prisioneiros". O xogo: Péchase aos prisioneiros e ordénaselles que sigan as ordes; os gardas deben manter a orde. Pero dar a un home un pouco de poder pode ter consecuencias insospeitadas...



15 de maio: **"GRBAVICA. EL SECRETO DE ESMA"**
de Jasmila Zbanic (2006)
Intérpretes: Mirjana Karanovic, Luna Mijovic, Leon Lucev, Kenan Catic. **Duración:** 90min. **Sinopse:** Esma quere que a súa filla Sara, de doce anos, teña a oportunidade de participar nunha viaxe organizada polo colexio. Bastaría cun certificado probando que o seu pai morreu como un mártir durante a guerra para que saíse a metade de prezo, pero Esma sempre dá largas a Sara cando esta lle pide o certificado. Prefire remover ceo e terra para atopar o diñeiro e pagar o prezo da viaxe. Está convencida de que se protexe a si mesma e a súa filla se non lle conta a verdade.



22 de maio: **"LAS MANZANAS DE ADAM"**
de Anders Thomas Jensen
Intérpretes: Ulrich Thomsen, Paprika Steen, Mads Mikkelsen, Nicolas Bro. **Duración:** 94min. **Sinopse:** Adam, un neonazi, é enviado en servizo de comunidade á do párroco. Aquí, o ministro Ivan dá a Adam a tarefa de cociñar un pastel de mazá coas mazás da árbore que crece en fronte da igrexa. Mentras tanto paxaros, vermes e raios atacan ás mazás. Ivan cre que o demo os está examinando. Adam cre que é Deus, porque quizais a maldade non é total.



29 de maio: **"MÁS ALLÁ DEL SILENCIO"**
de Caroline Link (1996)
Intérpretes: Sylvie Testud, Tatjana Trieb, Howie Seago, Emmanuelle Laborit. **Duración:** 109min. **Sinopse:** Os pais de Lara son xordomudos, unha situación que modifica as estructuras de poder e responsabilidade no seo familiar, porque a filla asume, xa dende moi nova, o papel de intermediaria e "intérprete" entre eles e o mundo exterior. Por estes motivos o pai de Lara ten moito máis medo de perder a súa filla que calquera outro pai. Cando Lara, tras [redacted]vila na Baixa [redacted]entimento [redacted]eso dunha en[redacted]

PRÉGASE PUNTUALIDADE



Ateneo Ferrolán

EXPOSICIÓNS:

Do **4 ao 17 de abril**
"A habitación da memoria" de **ALBA LEAL**
(Fotografías e instalacións)

Do **19 ao 30 de abril**
Pintura de **LUCRECIO OTEIZA**.

Do **17 ao 29 de maio**
Pintura de **CONCHI GRANULLAQUE**
(2ª Planta)

Do **17 ao 29 de maio**
Vidro de **MARIA FARIAS**
(1ª Planta)

Do **5 ó 30 de xuño**
Fotografías do
XVI Certame Fotográfico Medio Ambiente 2007

EXPOSICIÓN PERMANENTE
FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS:

Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spella Trobec, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos

CLUB DE LECTURA

Tódolos primeiros Martes de cada mes
10 de abril · 8 de maio · 5 de xuño

ás 19,30 horas

Encontros coa LECTURA, baixo a coordinación de ÁNXELES SEOANE. Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

Todos os **MÉRCORES** TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes
AMICOR ás 20 horas.

ABRIL

13, 19, e 27 ás 19,30 horas
CICLO CONFERENCIAS: SUSTENTABILIDADE
ORGANIZA SGHN

Día **18** ás 19 horas
CINE: "Los padres de él"
ORGANIZA ASOCIACIÓN XUBILADOS ADMÓN.. PUBLICA.

Día **20** ás 17 horas
CONCERTO ALUMN@S da ESCOLA DA VACA

Día **25** ás 21 horas -
CHARLA
Organiza Asoc. Cooperativa XOANIÑA

MAIO

4 e 11 ás 19,30 horas
CICLO CONFERENCIAS: SUSTENTABILIDADE
ORGANIZA SGHN

Día **26** ás 12 da mañá
II SESIÓN VERMÚ
Organiza: Colectivo OPAII e ATENEO FERROLÁN.

Día **30** ás 19 horas
CONFERENCIA: VENEZUELA
Organiza: El Militante

XUÑO

Día **2**
EXCURSIÓN: RIBADEO - TARAMUNDI

Martes **5**, ás 20,30 horas
LECTURA FALLO XURADO e INAUGURACIÓN
50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS DO
XVII CERTAME FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE 2007

¡OLLO! Ó HORARIO DE VERÁN

Dende o día 1 de xuño até o día 30 de setembro (engadidos)

OFICINA: De LUNS a VENRES – De 10 a 14 horas.

BIBLIOTECA: De LUNS a VENRES – De 11 a 14 horas.

PERMANECERÁ PECHADO POR VACACIÓNS
Do 16 de XULLO ao 17 de AGOSTO (engadidos)

ATENEO FERROLÁN

MEMORIA ACTIVIDADES ANO 2006

BIBLIOTECA – HEMEROTECA :

Atención ao público (5 días á semana) por unha profesional titulada
- FONDO LIBROS: 7.150
- REVISTAS: 286 CABECEIRAS
- PERIÓDICOS: 106 CABECEIRAS (Coleccións completas)
- VIDEOTECA: 414
- CONVENIO UNIVERSIDADE DA CORUÑA-CAMPUS FERROL: PRÁCTICAS ALUMN@S ESCOLA BIBLIOTECONOMÍA

EXPOSICIÓNS DE PINTURA:

- Pinturas de ANA ALBERTA
- Pinturas de CARLOTA CUESTA
- Óleos de EVARISTO LÓPEZ CALVAR
- Pinturas de PALOMA JAÉN
- Pinturas de JUAN GALDO
- II EXPOSICIÓN ARTES PLÁSTICAS PEQUENO FORMATO PARA SOCIOS e SOCIAS
- 16º CERTAME FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE – EXPOSICIÓN 50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS
- EXPOSICIÓN HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN no CENTRO CULTURAL "TORRENTE BALLESTER". ESTE ANO DEDICADO A JOSÉ GONZÁLEZ COLLADO

- EXPOSICIÓN PERMANENTE FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS
  (A importancia da presenza dos artistas ferroláns no patrimonio do Ateneo Ferrolán): Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Juana Prieto, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spela Trobec, Luis Rapela ... entre outros moitos.

CONFERENCIAS – MESAS DEBATE:

- "XORNADAS SOBRE MOBING" (Acoso no Traballo)
- DEBATE: CUBA – VENEZUELA: ANÁLISE DE DÚAS REVOLUCIÓNS
- DÍA DA REPÚBLICA – Fundación Federico Engels
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 maio)
- A MEMORIA HISTÓRICA DA GALIZA
- CHARLA DEBATE: PENSIÓNS PÚBLICAS. Imparte Jesús García Pardo
- CHARLAS CAMBIO CLIMÁTICO – Organizadas SGHN
- CONFERENCIA MULLER: Imparte NANINA SANTOS
- CONFERENCIA de JUAN LUIS MONTERO
- CHARLA: "O Camiño de San Andrés" por ANDRES PENA
- CONFERENCIA: O ROMANCEIRO TRADICIONAL DE GALIZA por XOSÉ LOIS FORNEIRO
- CONFERENCIA pola Asociación Galega Pro-Lactancia Materna "MÁMOA"

CONCURSOS – CERTAMES PROPIOS do ATENEO:

- CERTAME FOTOGRÁFICO "MEDIO AMBIENTE" – ANUAL (16 anos)
- CONSURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" – ANUAL (16 anos).
  (Nova Dimensión no ano 2007)
- CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" – ANUAL (4 anos)
- XORNADAS DA GAITA – Anual (20 anos)

ASEMBLEAS – REUNIÓNS (OUTRAS ENTIDADES):

- A ESCOLA DA VACA.
- IU - EU
- FUCO BUXÁN
- BNG
- CONSELLO SECTORIAL MULLER
- ADEGA.
- ACOF
- MERCADO DA MAGDALENA
- AA. VV.
- SINDICATO PERIODISTAS
- MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES
- SGHN
- AMICOR
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL
- UNIÓN LIBERTARIA
- ASOCIACIÓN BRIGA
- PSOE
- ASOCIACIÓN CULTURAL XUBILADOS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- AGACANT
- DEFENSA MONTES DE BRIÓN
- DEFENSA CARBALLEIRA DE MENÁNCARO
- XOANIÑA
- COLECTIVO OPAII
- FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS

ENCONTROS:

- CLUB DE LECTURA DIRIXIDO POR ANXELES SEOANE – MENSUAL. (Promovido polo Ateneo)
- CIRPÉN (CÍRCULO DE PENSAMENTO) – MENSUAL (Promovido polo Ateneo)
- GRUPO POETAS – SEMANAL
- COLECTIVO OPAII – SEMANAL
- MÉRCORES DE TERTULIAS – SEMANAL (Promovido polo Ateneo)
- CLUB EUROSAÚDE – MENSUAL
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL
- RECITAIS POÉTICOS

MÚSICA - LIBROS – CINE:

- MARTES DE CINE do ATENEO
- CINE COLECTIVO OPAII – RADIO FILISPIM
- XORNADAS DE CURTAMETRAXES
- PRESENTACIÓNS LIBROS
- CONCERTOS
- CINE COLECTIVO POESÍA "GRUPO AVALÓN"
- I SESIÓN VERMÚ no Ateneo
- CINE ASOCIACIÓN CULTURAL "LEFRE DE CALDERETA"
- PRESENTACIÓN DAS PEZAS GAÑADORAS DO CONCURSO DE COMPOSICIÓN "CONSTANTINO BELLÓN"
- Presentación Libro de NATALIA CORBILLÓN (Escritora Novel)

PUBLICACIÓNS:

REPARTO GRATUíTO: SOCIOS e SOCIAS, ENTIDADES CULTURAIS, BIBLIOTECAS
- REVISTA "ATENEA" – (4 Ó ANO) TRIMESTRAL
- CADERNOS ATENEO FERROLÁN–"FERROL CIDADE DA ILUSTRACIÓN" – ANUAL

RELACIÓNS INTERNACIONAIS DE ATENEOS:

ATENEO FERROLAN:
* ASOCIADO E MEMBRO DA DIRECTIVA (VICEPRESIDENCIA) DE AIFA.
* MEMBRO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ATENEOS.
* Participación do ATENEO FERROLÁN (o Presidente) nos ENCONTROS ANUAIS, NACIONAIS e INTERNACIONAIS de ATENEOS.

XVII CERTAME FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 2007

O ATENEO FERROLÁN, con motivo da celebración do DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE, organiza un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes :

BASES

TEMA: Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar dita circunstancia.

PARTICIPANTES: Estará aberto a todas as persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de TRES fotografías, en branco e negro ou cor, podendo acceder soamente a un dos premios.
Non se admitirán fotografías publicadas ou premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.
Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas no que se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos estenderanse a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO: Ningunha das fotografías presentadas poderá exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30 x 40 ou 40 x 50cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da fotografía no reverso da cartolina na que deberá montarse cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, e-mail e pseudónimo utilizado.

ENVÍOS: As fotografías enviaranse ao seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
CP 15402, FERROL
A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Aínda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria poidan padecer as fotografías.

PRAZO: O prazo de admisión remata o venres 25 de maio de 2007

XURADO : O xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 5 de xuño, no acto de inauguración da Exposición, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.
A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presentar os orixinais antes de percibir os respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro en formato RAW e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realizar as comprobacións necesarias.

PREMIOS:
1º: 900 euros
2º: 300 euros
3º: 150 euros

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.

ENTREGA DE PREMIOS: Farase o día 5 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o luns día 5 até o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2007. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán a disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS: Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir da clausura da Exposición. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS: *A participación no Concurso implica a total aceptación destas bases. *Os casos non contemplados nestas BASES serán resoltos polo xurado.

AGRADECEMENTOS: Á Casa da Xuventude de Ourense, por incluír as fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.



XVI CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

O **"CONSTANTINO BELLÓN",** é unha plataforma, creada polo Ateneo Ferrolán, para servir de canle de expresión e presentación de novas pezas de autores e axudar a manter e potencia-la música tradicional de gaita galega.

O **"CONSTANTINO BELLÓN"** é un concurso de composición e interpretación de gaita que pretende mante-lo xeito de toca-la gaita galega con técnica e xiros propiamente galegos.

O **"CONSTANTINO BELLÓN"** pretende recolle-la máis pura tradición gaiteiril e manter, ó longo dos anos, un lugar de encontro e intercambio para tódolos gaiteiros galegos.

Ó chamarlle **"CONSTANTINO BELLÓN",** aquel grande mestre gaiteiro, quixemos render unha pequena homenaxe a todos aqueles que, a través dos tempos e camiños cheos de atrancos, souberon manter vivo o son da nosa cultura ata os nosos días.

O **ATENEO FERROLÁN**, quere expresa-lo seu agradecemento a aquelas entidades e institucións que participan coa súa colaboración e apoio económico; a viúva de Luís Seoane, pola súa autorización para a utilización do seu debuxo, como logotipo do concurso; e como non, a tódolos gaiteiros e persoas que veñen colaborando na elaboración e organización do concurso de gaita galega **"CONSTANTINO BELLÓN".**

Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón"

O Ateneo Ferrolán, en liña coa súa defensa e promoción das artes, na súa faceta de música, coincidindo co Concurso de Gaita "Constantino Bellón", CREA unha mención honorífica, dirixida a aquelas persoas ou entidades que destacaron polo seu traballo a prol da música galega.

1.- A Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón" consta de dúas modalidades, da mesma categoría: "Gaita de Ouro" dirixida á figura do gaiteiro, artesán, investigador ou persoa a nivel individual, e "Gaita de Prata" para colectivos ou entidades.

2.- Este Premio outorgase tódolos anos, por parte do Ateneo Ferrolán, coincidindo coa celebración do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

3.- Para a nominación de Mencións, o Ateneo Ferrolán solicitará do Xurado do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a súa opinión que se reflictirá nunha terna de candidatos a valorar, quedando a nominación e concesión final baixo os criterios do Ateneo Ferrolán.

4.- A presente Mención será de carácter honorífico e non económico, non estando suxeita a ningún tipo de compromiso por ámbalas dúas partes, a non se-lo propio e moral que conleva o recoñecemento público da labor efectuada polos galardoados .

MENCIÓNS CONCEDIDAS

1995	*Gaita de Ouro*	*Quinteto Tradicional "Raparigos"*
	Gaita de Prata	*Carlos Zaera Landeira*
1996	*Gaita de Ouro*	*Antón Corral, Universidade Popular de Vigo*
	Gaita de Prata	*Grupo Tradicional "Os Garceiras"*
1997	*Gaita de Ouro*	*José Seivane Rivas, artesán*
	Gaita de Prata	*Grupo Tradicional "Os Rosales"*
1998	*Gaita de Ouro*	*Emilio Corral Vázquez, gaiteiro*
	Gaita de Prata	*Real Coro "Toxos e Froles"*
1999	*Gaita de Oro*	*Juan Bello Mallou*
	Gaita de Prata	*"Os Montes"*
2000	*Gaita de Oro*	*Enrique Otero Covelo*
	Gaita de Prata	*Asociación Xuvenil "Xacarandaina"*
2001	*Gaita de Oro*	*Luciano Pérez Diaz*
	Gaita de Prata	*"Faiscas do xabre"*
2002	*Gaita de Oro*	*Xosé López Bao, artesán*
	Gaita de Prata	*Orfeón Terra Nosa*
2003	*Gaita de Oro*	*Rogelio Groba y Groba*
	Gaita de Prata	*Escola de Gaitas de Ortigueira- Mención Especial a Xavier Garrote*
2004	*Gaita de Oro*	José Luis Calle
	Gaita de Prata	*Programa de Radio "LUME NA PALLEIRA"*
2005	*Gaita de Oro*	*José Temprano Castro*
	Gaita de Prata	*Conservatorio de MÚSICA TRADICIONAL E FOLK de LALÍN*
2006	*Gaita de Oro*	*Alvaro Seivane Maside*
	Gaita de Prata	*ao grupo Milladoiro e a Manuel García Pereira,Lolete,*

XVI CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

B A S E S

1.- Poderán tomar parte todos-los gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán estar afinadas en calquera tonalidade. A interpretación será sen acompañamento.

2.- REQUISITOS:
Os concursantes deberán enviar ao
Ateneo Ferrolán
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
Ferrol:
2.1.- Un CD gravado coa peza ***Danza do gato e o rato*, de Iván Costa Blanco**[1], facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2.2.- A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor.

3.- PLICAS.
3.1.- Os concursantes deberán enviar o CD nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e acompañado da seguinte documentación: partituras –orixinal e tradicional–; así como os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
3.2.- A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4.- As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5.- Co obxectivo de promocionar a participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido aos gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado **Gaiteiro de Soutelo***.

6.- Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros repartidos do seguinte xeito:
- Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ao Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas bases.
- Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio "Gaiteiro de Soutelo".

Todo-los finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego, o cal terase en conta por parte do xurado.

7.- A interpretación no Concurso constará de:
7.1.- Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso **Constantino Bellón**, e mais da peza tradicional ou de autor.
7.2.- A interpretación de ambalas dúas pezas, no seu conxunto, non poderá sobrepasa-la duración de 5 minutos.

Todo-los finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente pola súa viúva Maruxa Seoane, para este concurso, e un Diploma acreditativo da súa participación no Concurso.

8.- A dotación do premio será de
3000 euros
con dous accésit de
1000 euros

9.- **Concurso de composición para Gaita Galega Solista****.

10.- O Xurado cualificador valorará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

11.- Como remate do Concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para isto deberán traer unha gaita en DO, afinada a 440 Hz.

12.- O Ateneo Ferrolán patrocinará unha gravación do concurso coa edición do mesmo en formato de disco compacto.

13.- O Prazo de inscrición remata o xoves 12 de xullo de 2007.

14.- A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de Agosto de 2007.

15.- Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do Xurado. A participación no concurso implica a total aceptación destas BASES.

** GAITEIRO DE SOUTELO*
(Punto 5 das bases do Constantino Bellón)

a) Co gallo de promociona-la participación da Galicia do exterior no Concurso Constantino Bellón, a Consellería da Emigración convoca o Premio **Gaiteiro de Soutelo.**
b) Poderán participar todo-los gaiteiros dos centros galegos ou institucións da Galicia do exterior.
c) Os concursantes deberán enviar á Consellería da Emigración:
1.- Un CD gravado coa peza *Danza do gato e o rato*, **de Iván Costa Blanco**[1], facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2.- A partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.
d) PLICAS: Os concursantes enviarán o CD nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fóra co mesmo pseudónimo, deberán facer consta-los datos persoais do participante: nome e apelidos, enderezo, país de residencia e nome do centro ou institución galega pola cal se presenta. No mesmo deberán incluír o orixinal da partitura inédita presentada ao premio ó **Gaiteiro de Soutelo** e máis a copia da tradicional ou de autor.
e) PRAZO: O prazo de presentación remata o mércores día 25 de xuño de 2007.
f) PREMIOS: Os premios **Gaiteiro de Soutelo** consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadía pagados, ó concurso Constantino Bellón, que organiza o Ateneo Ferrolán o 31 de Agosto do 2007, na cidade de Ferrol (Galicia).

Haberá catro premios.

*** CONCURSO DE COMPOSICIÓN PARA GAITA GALEGA SOLISTA*
Requisitos: (Punto 9 das bases do Constantino Bellón)

9.1.- Poderán tomar parte todo-los compositores que o desexen.
9.2.- É obxecto deste concurso premiar a mellor partitura escrita para Gaita Galega Solista, acompañada ou non dun conxunto instrumental composto por un tope máximo de 40 instrumentos.
9.3.- A composición ten que ser inédita, non ter sido estreada nin ter sido premiada anteriormente en ningún outro concurso, nin ter sido obxecto de ningún encargo previo. Terá unha duración mínima de, aproximadamente, 5 min. e máxima de 12 min.
9.4.- Os traballos presentaranse en dous formatos: a partitura orixinal impresa en papel e, a mesma partitura, en soporte informático achegando copia do programa no que estea configurado (agás ENCORE ou FINALE); no enderezo do Ateneo Ferrolán.
9.5.- Este traballo virá nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Neste sobre deberá incluírse outro co mesmo pseudónimo no exterior e cos seguintes datos persoais no interior: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
9.6.- O prazo de presentación das partituras rematará o día 2 de xullo de 2007.
9.7.- A dotación do premio será de 2000 euros.
9.8.- O premio poderá ser declarado deserto.

[1] Na derradeira páxina desta Revista lles ofrecemos a partitura de *Danza do rato e o gato, de Iván Costa Blanco.*



Ateneo Ferrolán





FALECE ALEJANDRO FINISTERRE, O INVENTOR DO FUTBOLÍN

Alejandro Campos Ramírez, alcumado como Alejandro Finisterre, foi un escritor republicano que pasou a maior parte da súa vida no exilio. O seu maior mérito para moitos é que foi o editor e inventor do futbolín.

Nacido en Fisterra (A Coruña) en 1919, morreu o pasado 8 de febreiro en Zamora aos 87 anos.



Como naceu a idea

Durante a Guerra Civil, Finisterre sufriu feridas polas que tivo que permanecer ingresado.

Con 17 anos foi trasladado ao hospital de Montserrat (Barcelona), onde ideou unha fórmula que orixinalmente naceu para que os nenos puidesen xogar ao fútbol no hospital.

Para iso, inspirouse no tenis de mesa e acudiu a un carpinteiro vasco, Francisco Javier Altuna, para que lle axudase a levar a cabo o proxecto.


Pese a que patentou o seu invento en 1937, non conseguiu que o futbolín se fabricase e se distribuíse de forma industrial nese momento, xa que as fábricas de xoguetes se estaban utilizando para facer armas.

No seu exilio a Francia, perdeu a patente que levaba xunto a el. Xa en 1952 e exiliado en Guatemala, perfeccionou o futbolín e empezou a fabricalo en serie (incorporando barras de aceiro e mellorando a calidade dos materiais), aínda que en España o seu invento xa era comercializado por fabricantes valencianos.

Unha vida dedicada á literatura

Alejandro Finisterre foi tamén testamenteiro da obra do poeta León Felipe; é unha das persoas que máis fixo para que a súa obra e a súa persoa non caesen no esquecemento. De feito, foi el quen vendeu ao Concello de Zamora o legado que hoxe se conserva no Arquivo Histórico Provincial de Zamora.

Pero Alejandro Finisterre foi tamén unha figura destacada como escritor e editor de revistas.




CONCLUSIÓNS DO IV ENCONTRO DAS CIDADES E ENTIDADES DO FORO DA ILUSTRACIÓN VILA REAL DE SANTO ANTONIO (PORTUGAL) 27/12/2006

Reunidos nos IV Encontros das Cidades Iluministas en Vila Real de Santo António (Portugal) os representantes das cidades ou entidades que conforman o Foro da Ilustración:

A Fundación Ferrol Metrópoli, o Institut del Paisatge Urbà del Ajuntament de Barcelona, o Centro de Investigación para el Desarrollo de Cartagena,ol Museu Valencià de la Il Ilustració i la Modernitat (MuVIM), representantes dos concellos de Almacelles, La Granja de San Ildefonso, Guatemala, San Fernando e a propia Câmara de Vila Real de Santo António

ACORDAN


1. Realizar un acordo de principios para constituír a Asociación de cidades ou entidades do Foro da Ilustración con carácter Internacional, así como unha comisión de técnicos.



2. A cidade de Guatemala será a cidade organizadora dos V Encontros do Foro da Ilustración e subsede do foro para Iberoamérica.

3. A cidade de San Fernando, no marco da conmemoración do Bicentenario da celebración das Cortes Xerais e Extraordinarias da Vila da Real Isla de León será a cidade organizadora dos Encontros do Foro da Ilustración no ano 2010.

4. Aceptar a proposta do Centro de Investigación para o *Desarrollo de Cartagena* de solicitude de adhesión á Rede de Cidades con Patrimonio Militar.



Na nosa Revista ATENEA procuramos e empeñámonos que *vexa a luz* nos primeiros días do trimestre correspondente, ás veces o conseguimos e outras non, por diferentes motivos.

Nesta ocasión o atraso é considerable polo que pedimos desculpas aos SOCIOS e SOCIAS xa que os motivos son puramente informáticos. Cambiamos o ORDENADOR da oficina e ... "morreu" recén estreado.

Bo, ... reiteramos as nosas desculpas a todos e todas!

Manteremos o esforzo que conleva sacar esta revista adiante! Un saúdo.

Galiciaferrolán

MANIFESTO POLO DIA INTERNACIONAL DO TEATRO 27 DE MARZO DE 2007

Súa maxestade Sheik Dr. Sultán bin Mohammed Ao Qasimi.
Membro do Consello Supremo dos Emiratos Árabes Unidos e Gobernador de Sharjah

Moi novo descubrín o amor polo mundo fascinante do Teatro.

Puiden entender e aproveitar a súa verdadeira esencia cando empecei a crear, dirixir e actuar nunha obra teatral de carácter político que provocou a cólera das autoridades da época.

Confiscaron todo o que se atopaba no teatro, e procederon ao seu peche ante os meus propios ollos. O espírito do Teatro que vivía en min non tiña outra elección, fronte aos soldados armados, que a de refuxiarse e aferrarse á miña conciencia. Nese momento comprendín a forza e o poder do Teatro fronte aos que non toleran a opinión dos outros, e aprendín, con certeza, o papel grave e importante que o Teatro pode desempeñar na vida dos pobos.

Durante os meus anos de estudante universitario no Cairo, a escena penetrou no profundo da miña conciencia e botou raíces, lin todo canto se escribía sobre o Teatro e tiven ocasión de asistir aos espectáculos máis diversos. Este descubrimento profundou en anos posteriores e hoxe, o Teatro continúa interesándome de xeito xeral.

Aprendín a través das miñas lecturas desde a antiga Grecia até os nosos días, a maxia potencial que o mundo do Teatro contén e a súa capacidade para descubrir as profundidades da alma humana e revelar os seus misterios. O Teatro constitúe un factor de unificación dos seres humanos, e o home pode a través del, encher o mundo de amizade e abrir horizontes de diálogo entre os pobos, sen distinción de raza, cor ou crenza. Foi para min un factor suplementario para aceptar ao Outro tal cal é; comprendín, tamén, que o ben unifica aos seres humanos e que o mal separáaos.

As guerras que golpearon á humanidade desde os vellos tempos atoparon profundas xustificacións nas intencións maléficas que non saben apreciar a beleza. E a beleza perfecta só se atopa na Arte do Teatro, recipiente que contén todas as Belas Artes. O que non saborea a beleza non pode apreciar o valor da vida; e o Teatro é a vida.

Necesitamos hoxe rexeitar as guerras, absurdas en todas as súas formas, e as discrepancias dogmáticas que flaxelan, en ausencia dun freo moral, os espectáculos de violencia e asasinatos cegos que van mergullar ao planeta nun mundo sinistrado por epidemias endémicas ou os problemas de desertización e seca. Todo iso é causado pola ausencia dun diálogo auténtico que posibilite facer deste mundo un lugar onde vivir xuntos.

Amigos do Teatro, unha tempestade desencadéase sobre o noso planeta causada pola violencia dun remuíño de sospeitas e suspicacias, que ameaza con impedirnos ter unha visión clara das cousas. As nosas voces son sufocadas e non chegan a todos os oídos por mor da violencia e a división entre os pobos. Esta tempestade ameaza con desviarnos para afastarnos a uns dos outros. Debemos opoñernos aos que fan soar a corneta para desencadear tempestades; non para destruílos, senón para afastarnos de atmosferas contaminadas e consagrar os nosos esforzos á comunicación e establecemento de relacións amigables, cos que predican a fraternidade entre os pobos.


Se o Teatro depende da vida, nós estamos abocados á desaparición.

125 aniversario do teatro galego

A efeméride –marcada pola estrea o **13 de agosto de 1882** na Coruña da obra de Francisco María de la Iglesia "A fonte do xuramento"– festexarase cunha exposición didáctica itinerante, un congreso das artes escénicas, unha programación especial de espectáculos e unha campaña publicitaria de sensibilización social.

As diferentes accións, que se levarán a cabo ao longo de todo o ano, parten da consideración da importante función cultural, social e económica do teatro en tanto que factor de afirmación da identidade colectiva, de coñecemento da nosa historia e da nosa literatura, de extensión do uso do idioma, de manifestación creativa, de desenvolvemento social, de xeración de recursos económicos e do seu imprescindible valor futuro que cómpre construír entre todos.



DENDE ACÁ PARA ACOLÁ

DENDE ACÁ PARA ACOLÁ

IV CONSPIRANDO POR UNHA RADIO LIBRE

Celebrado na Sala DZINE o día 5 de abril

ORGANIZA: COLECTIVO OPAII







por Paula Meizoso Alonso
Membro da coordenadora de Rádio Filispim

Corría o ano 1897, entre dúas poboacións da canle de Bristol, tiña lugar un acontecemento histórico: a primeira comunicación inarámica. Algo moi utilizado hoxe por hoxe ó cal lle damos un valor relativo debido a súa masificación; en 1897 foi obxecto de admiración, escepticismo e incalculables días dedicados á investigación. Do que non se decataron era de que a historia dará testemuña da importancia das ondas saíndo dende radios comunitarias, libres e independentes, como medio de expresión popular, nun mundo no que os dereitos humanos e sociais son negados tódolos días...

As que de seguro si se decatan, son todas aquelas persoas que baixo a ditadura do réxime franquista escoitaron estas verbas nos seus modestos transistores:

"Aquí, *Radio España Independiente; estación pirenaica, la única emisora española sin censura de Franco... transmitiendo por la onda...* ".

Era o ano 1941, España atópase en plena Dctadura Franquista, nace Radio España Independiente "Estación Pirenaica" a única emisora española sen censura de Franco....

A súa fundadora... unha muller, unha feminista, unha camarada: Dolores Ibárruri.

Durante trinta e seis anos, día a día, noite a noite cubriu o oco informativo imposto pola dctadura. As mulleres e homes que a fixeron posible, representaban o soño da razón antifranquista para a xente que trataba de escoitala. **Esa radio e os/as esforzados/as que a crearon e mantiveron, xogaron un papel decisivo na busca dos camiños de liberdade.** A Pirenáica despediuse o 14 de xullo de 1977, emitindo desde Madrid a sesión inaugural das Cortes Constituíntes, con verbas como estas últimas do seu director:

"Si nuestra labor ha servido en algo para la reconquista de la democracia, damos por bien empleado el esfuerzo."...

México, un día de setembro do ano 2003... Xanica é un municipio da serra sur oaxaqueña gobernado por unha asemblea comunitaria. Hoxe é un día de convivenza e festa. A efeméride, allea ó santoral católico, é a inauguración formal de "Radio Roca": a primeira radio libre da comarca o servizo da comunidade e baixo xestión do Comité de Defensa Derecho Indígena. Radio Roca, radio libre indíxena, nace hoxe ante a sociedade nacional e internacional coma garda da liberdade de expresión e da comunicación intracomunitaria...


Ferrol, na actualidade, un día de novembro do 2003, "na democracia", nace un proxecto de radio libre, Rádio Filispim. A pesar dos vinteseis anos que pasaron dende aquela sesión inaugural, que supoñía a chegada da democracia... aínda precisamos das radios dos pobos para que conten a verdade dos desastres ecolóxicos, as guerras, o terrorismo, a violencia de xénero... e a deshumanización dun mundo atrapado no Neoliberalismo....

¡¡Ata do top manta!!

Dende Xanica ata Ferrol, de Radio Roca para Rádio Filispim.

Dende Barcelona ata Madrid, de Radio Bronca para Radio Elo.

Dende Santiago ata Valencia, de Radio Kalimero para Radio Klara ....**existe a necesidade das radios libres para que deixen testemuña da historia tal e como é!** 



INSTINTO, INTELIXENCIA E ANGUSTIA EN ALAN WATTS

por Arantxa Serantes*

Na historia da filosofía, o século XX será o tempo da fin da modernidade, época da disolución metafísica e *experiencia do vacío inicial e decisivo* (De la Vega, 2004, p.61) que exerce unha certa violencia sobre todo o que nos rodea. Alan Watts, no seu libro *This is it* (Isto é iso), quizais, unha das súas publicacións máis relevantes xunto con outras moi coñecidas como: *A sabedoría da inseguridade* ou *O camiño do Tao*, etc, propón un interesante enfoque sobre cómo a experiencia estética do sublime pode ser unha alternativa á vida física e cotiá, eminentemente práctica e común.

A organización do saber en Occidente xunto á convición da emancipación da razón como fundamento, provoca unha certa angustia, porque non hai unha idea do saber como un todo que relacione feitos e sucesos no tempo, que permita aportar unha certa seguridade sobre os coñecementos previos que se teñen acerca do mundo. A vida enténdese coma unha loita contra o tempo onde "non é intelixente confiar no que un non analizou" (Watts, 1992, p.38) co indispensable apoio das máquinas ou doutras persoas que nos axuden a tomar decisións que só nós poderiamos resolver. Mais "o desalento ante a posibilidade de comprender ou contribuir produtivamente ao sumamente organizado caos do noso sistema político /económico fai que unha gran cantidade de persoas se limiten a abandonar os compromisos políticos e sociais" (Watts, 1992, p.39). De aí a gran debilidade do pensamento que en lugar de construírse, deconstrúese baixo uns valores novos e unha nova metafísica que se presenta como ciencia e que non recoñece as súas propias limitacións, porque en lugar de avanzar como é a súa función, ascende a maiores capas de ignorancia, cada vez máis profundas e tan inexplicables como fundamentais, as chamadas *Why questions* ou, o que é o mesmo, buscar respostas acerca da orixe ou a esencia da nosa natureza.

A solución é que o monólogo racional se convirta en diálogo que permita cruzar a fronteira entre a razón e a manifestación duns valores existenciais onde só habita o enigma e o misterio. A profunda sabedoría de Watts céntrase na necesidade do verdadeiro inxenio e habilidade creativa para superar a visión dualista do mundo onde poida contemplarse unha percepción artística do mundo onde o acontecimento racional sexa tamén estético, nun camiño de equilibrio onde "poida verse a luz do sol" (Watts, 1992, p.43), pois se hai luz, tamén haberá unha visión auténtica do que nos rodea.

Ante isto, propón unha pregunta: "¿que nos impide ver o mundo que intentamos controlar, o conxunto do noso propio mundo interior e da natureza que nos rodea, que é a que precisamente nos proporciona o poder controlar algo?" (Watts, 1992, p.46). Dito dountro xeito, somos dependentes do exterior e para poder cambiar nalgún ámbito é preciso ser conscientes da necesidade de controlar os factores internos que posúe cada persoa (conciencia de seu, experiencias persoais, procesos biolóxicos, etc). Esas ropaxes internas son o camiño.

É coma os versos de Pedro Salinas en A voz a ti debida, cando di: "qué alegría vivir sentíndose vivido" ou "ti vives sempre nos teus actos. Coa punta dos teus dedos pulsas o mundo, arríncaslle auroras, triunfos, cores, alegrías: é a túa música" (Salinas, 2005, p.14). Confúndense moitas veces as relacións entre a natureza e o home co seu mundo artificial pero o que o xénero humano necesita non é novas tecnoloxías senón un novo concepto de ser humano, porque como di un proverbio oriental: cando o home inadecuado emprega medios adecuados, os medios adecuados funcionan de xeito inadecuado. Neste mundo non fan falla máis máscaras senón a exteriorización dos sentimentos auténticos a partir de pequenos xestos.


BIBLIOGRAFÍA

DE LA VEGA – HAZAS, J., "Martin Buber: filosofía dialógica y teología natural", *Anales del Seminario de Historia de la Filosofía*, n.21, (2004), pp.61-69.

SALINAS, P., *La voz a ti debida*, Alianza, Madrid, 2005.

WATTS, A., *This is it*, versión castellana de Enric Tremps, *Esto es eso*, Kairós, Barcelona, 1992.

(*) Arantxa Serantes é Licenciada en Humanidades e DEA en Historia Antiga pola Universidade da Coruña.



Ateneo Ferrolán

MARÍA MARIÑO, A POESÍA INTIMISTA

por Juan J. Burgoa



María Mariño Carou, nacida en Noia no ano 1907, galardoada este ano no Día das Letras Galegas, é unha figura singular dentro da literatura galega pola súa obra e traxectoria vital. Arredor desta escritora, dotada dun persoal mundo lírico, creouse unha auréola de misterio que estivo propiciada polo seu illamento xeográfico, a súa pouca abondosa produción que veu a luz e o seu afastamento do mundo literario oficial.

María Mariño foi a segunda de cinco irmáns; pasou a súa infancia e xuventude en Noia, marcadas polas dificultades económicas da súa familia. Asistiu durante algún tempo á escola, pero tívose que poñer pronto a traballar de costureira a domicilio. Trasladouse máis tarde a Boiro, para acompañar a unha tía súa que traballaba de cociñeira no Pazo de Goián, onde puido acceder á lectura na boa biblioteca do mesmo.

En Boiro casaría co mestre Roberto Posse e despois de pasar un breve período de tempo en Elantxobe, no País Vasco, onde morreu o seu único fillo case recén nacido, a parella regresou a Galicia. Instaláronse, por motivos de traballo, primeiro en Romeor do Courel e logo en Parada do Courel, onde se trasladaron por consello médico a causa da depresión nerviosa que sufría a escritora. Neste lugar pasaría María Mariño o resto da súa vida, facendo algunha viaxe a súa terra noiesa e pasando as vacacións dos últimos anos da súa existencia na Coruña, ata o seu pasamento no ano 1967. Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel.

Na súa estadía no Courel coñeceu a Uxío Novoneyra, quen promoveu a publicación do seu primeiro libro, *Palabra no Tempo,* que saíu do prelo no ano 1963 na colección Tesos Cumes da editorial Celta de Lugo. No seu fermoso prólogo, Otero Pedrayo saúda a "revelación dunha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso tráxico do ser do tempo na serra". Os temas tratados por María Mariño, que comezara a escribir seis anos antes, primeiro en castelán, logo en galego, veñen propiciados pola súa experiencia vital na serra do Courel e o seu propio microcosmos, cun desexo de enraizarse e transcender no ámbito da natureza.

Sen apenas relacións no eido literario, o illamento e a certa marxinalidade que caracterizou no seu tempo o labor creativo das mulleres condicionou o coñecemento da súa obra, chegando a suscitar incluso nalgún momento certas dúbidas sobre a súa autoría dos poemas. Cunha produción singular no contexto da literatura galega, o peculiar estilo de María Mariño non obedece ás normas, sendo a súa unha poética orixinal e crebada que chega a producir certa ruptura da lingua na procura do vocábulo que exprese ese "raro e valiosísimo mundo escuro" que, en palabras de Méndez Ferrín, constitúe a súa obra. Para Fernández del Riego reinstaura na súa obra "unha poesía cerradamente intimista, con acentos dunha grande forza expresiva".

Habería que agardar 27 anos desde a publicación de *Palabra no Tempo* para que se dese a coñecer o seu segundo libro; unha edición póstuma na súa homenaxe, promovida por Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos e publicada no ano 1990 polo seu concello natal de Noia. No volume *Verba que comeza* , que amosa un retorno ao seu mar nativo, recóllese unha ampla mostra dos poemas escritos por María Mariño no último ano da súa vida, enferma xa dunha leucemia. Finalmente, nunha edición de Victoria Sanjurjo, no ano 1994, edicións Xerais publica a *Obra Completa* de María Mariño nun volume único da súa colección Biblioteca das Letras Galegas.

Ademais da obra que xa ten publicada, de acordo cos datos fornecidos por Uxío Novoneyra, María Mariño deixou escritas dúas obras en castelán que fican inéditas: *Los años pobres. Memoria de guerra e postguerra* e *Más allá del tiempo.* Nos últimos meses a prensa vén a informar que a segunda destas obras, que tiña en propiedade o xornalista lugués Juan Soto e que combina prosa e poesía, vai ser publicada en data próxima pola editorial lucense Alvarellos.

Unha poética radical, un lirismo intimista e unha linguaxe rupturista caracterizan a escrita de María

Ateneo Ferrolán



Mariño. Unha personalidade literaria que se sitúa fóra das regras e canons do seu tempo, amosando a súa obra a utilización de abondosas palabras procedentes tanto do dialecto do Courel como da fala popular da zona de Muros e Noia. A súa figura segue a suscitar interpretacións diversas, tratándose dunha voz que estivo escurecida, case descoñecida, durante moito tempo pola falta de novas da súa vida. A súa poesía vén inspirada pola tradición popular e a súa proximidade ao romance, con preferencia cara ao uso do poema breve, que se agrupa en estrofas sinxelas e sonoras. Vexamos algúns exemplos da súa obra.

Na súa xuventude noiesa describe a súa soidade e o seu gusto polo intimismo na contemplación da paisaxe mariña:

¡Son aquela!
Son aquela sempre soia
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba
a ver si nela afogaba.

Noutro dos seus poemas volve as súas orixes e lembra a súa nostalxia do mar que conforma o seu mundo:

¡Ribeiras de mar enxoito!
¡Ribeiras de pleamar!
Quedas, vellas ribeiras,
agardan un mar i outro mar.

Aparece nos seus poemas a contradición do paradoxo, como nestes sonoros e rítmicos versos nos que trata de explicar a súa ruptura continuada das regras lingüísticas:

Cousas, cousas fun lendo, cando as letras aprendía.
Agora que sei leer non sei o que alí decía.

Ao longo da súa obra tamén dirixe a súa ollada aos temas etnográficos, cantándolle deste xeito á noite festiva de San Xoán:

Os lumeiros ten dono.
Ten San Johán sempre o seu día.
O meu peito xa cegou.
Sinte o meu cor sequía.

Así mesmo María Mariño cantou con gran sensibilidade nos seus poemas ao tradicional cruceiro que se ergue nos camiños e encrucilladas galegas:

Entre o cruceiro vou indo
e del non me sei volver.
Somos terra de cruceiro,
somos coroa esquecida,
somos bágoa doutro tempo.

O ronco son do axitado mar da Marola inspirou algún dos seus derradeiros poemas na súa estancia de verán na Coruña:

Crucei o mar da Marola e faloume no seu son,
faloume aberto en voz sonora
e ritmo forte.

Na súa estadía no Courel, María Mariña fai un cántico á natureza que a arrodea e dá plenitude a súa existencia:

Uces e toxos crucei,
crucei o mar desde o fondo,
crucei pincheiras e cumes.

Baixa a auga, baixa,
tecendo voltas e máis voltas,
facendo caracol sin casa.

Mais tamén sente que se acerca a morte, que está a chegar a súa hora como resultado final e ineludible:

Sinto que me acaban.
Sinto que me dan forza.
Son o humor da nada.
Son o que se lle antoxa.

E insiste nos seus versos cheos de angustia ante o avance da grave doenza que acabaría coa súa vida:

¡Cómo me está chegando¡
¡Cómo me apaña¡
Eu non sei,
non sei si me chega ou vou por ela.

Nos corenta e catro Días das Letras Galegas celebrados ata de agora, homenaxeouse a unha serie de sobranceiros escritores, sendo soamente tres as mulleres galardoadas: Rosalía de Castro, Francisca Herrera e, este ano, María Mariño. Por outra banda, cómpre insistir no feito de que –ata o día de hoxe– ningún autor nacido en Ferrol ou na ampla bisbarra circundante foi tido en conta para integrar esta nómina de autores premiados.

É chegado o tempo de que as asociacións culturais de Ferrol unan as súas forzas, levanten a súa voz e soliciten este galardón para algún dos nosos paisanos. Xa está ben que algúns corifeos da cultura do "papel cuché" e certos ministrís ferroláns estean a apoiar e a premiar persoeiros alleos á cidade –moitas veces esquecendo aos propios–, mentres enxalzan a moitas das chamadas asociacións culturais. E xusto e necesario que a nosa urbe, que deu orixe a un bo número de senlleiros personaxes no eido da literatura, teña a honra de que o Día das Letras Galegas se dedique a un ferrolán.



MULLER NO PATRIMONIO CULTURAL DO ATENEO FERROLÁN

Por Bettina Korten
(Alumna en prácticas no Ateneo Ferrolán pola Universidade de Bremen – Alemaña)

Cada ano volta o **8 de marzo** e cada ano chega o momento no que a xente empeza a preguntarse que hai de novo neste día, sempre se organiza unha cousa ou outra; a xente lembra as necesidades das mulleres cando se achega o mes de marzo. Primeiro de todo quero subliñar que eu tamén vexo a necesidade de seguir facendo visibles as mulleres, os traballos das mulleres, porque aínda estamos nun tempo no que a muller ten que loitar moito para ter os mesmos dereitos que os homes. En teoría xa os teñen, pero na práctica – ¿que? Por iso, paréceme moi importante dicir que non facemos as actividades só no mes de marzo, senón todo o ano,cada día do ano.

A idea de facer unha exposición co fondo do Ateneo naceu polo feito de que queriamos crear un proxecto que non se limitase ao tempo de ser exposto, senón que provocase nos visitantes a curiosidade de saber máis sobre o Patrimonio cultural do Ateneo. Pretendiamos crear un espazo aberto, unha mostra do que se pode descubrir no Ateneo.

Eu estou moi contenta de que, recén chegada ao Ateneo para facer unhas prácticas de xestión cultural, xa tiven un proxecto tan interesante que realizar. Con moita liberdade creativa empecei a ocuparme de organizar a exposición.

Pretendiamos xuntar na mostra a cantidade a máis ampla posible dos distintos medios que podemos presentar ao público e así que atopamos coa busca dos materiais unhas cousas moi interesantes e case que descoñecidas hoxe en día coma, por exemplo, unhas revistas marabillosas dos anos 60 e 70, que presentan a muller na súa época, coma a revista "Ama" ou "La Cordoniz", ou unhas revistas do século XIX, pero salientamos curiosidades non só na prensa senón na literatura, no cine, na música, na escultura e na pintura.

Tendo en conta os diferentes medios que queriamos conxuntar, o meu obxectivo foi, non só presentalos, senón romper coa presentación, digamos, tradicional. A miña idea de sacar os cadros da parede e poñelos enriba de cabaletes xurdiu porque o visitante espera dunha exposición, atopar os cadros na parede, que teñen así unha distancia que eu quería sacarlles, proporcionándolles un espazo ao que o visitante tamén se pode achegar, dándolle un espazo cun certo carácter de taller. Polo feito de que, o que presentamos non é unha cousa terminada, aínda que a exposición teña data de remate, o contido que pretendiamos transmitir segue máis alá da exposición. A loita de ser escoitados, de ser aceptados, tanto na teoría coma na práctica, é unha loita continua; xusto por isto, a exposición recolle moitas temáticas distintas e non se limita a amosar as mulleres exclusivamente.

Amosamos pintoras e pintores, escritoras e escritores por igual, non queremos pechar a nosa mente poñendo soamente obras de seres humanos femininos; un proxecto así sería tamén unha forma de discriminación, o que, fronte as mulleres, é xusto o que queremos evitar e contra o que loitamos. Deste xeito, a exposición pretende un trato xeral da muller en todas as súas formas, coma obra, coma creadora, coma suxeito etc. Tampouco pretendiamos facer unha homenaxe ao xénero feminino, como escribiu "La Voz de Galicia" sobre a nosa exposición.











Ó redor do 8 de marzo a xente fala da mañá á noite de conmemorar a muller, danche as felicidades... ¿felicidades para que? Non é un día, un momentiño só, no que o mundo lembra o que está pasando aínda en moitos lugares coas mulleres. Felicitándonos non se cambia o mundo...

Para min, a nosa exposición non se crea fóra do debate das mulleres, senón no centro disto, é dicir, no contexto de propoñer á xente que pescude, que indague no Ateneo, no fondo propio. Non tivemos a esixencia de ofrecer unha mostra completa do Patrimonio, ao contrario, queriamos presentar uns tesouros soltos que animan a ler, a ver, a escoitar, a pasar polo mundo cos ollos abertos.

O meu traballo era montar unha exposición coa temática da muller polo día da muller traballadora, pero ao final a exposición poderíase montar en calquera momento do ano no Ateneo, porque conseguimos un trato xeral. Non nos quedamos co que quizabes a xente esperaba dunha mostra sobre a muller, ademais disto, estou convencida de que se fixo visible a motivación do Ateneo de qué maneira se debería tratar a muller na vida de sempre. Que as mulleres somos visibles en todas partes e sempre; na arte como no traballo, **no día do 8 de marzo como en todos os días do ano.**

Pode ser que a xente que vén visitar a exposición non pense nin sequera nun dos pensamentos que a min me pasaron pola cabeza organizando o proxecto, pero se soamente lles leva a reflexionar sobre o visto, empezan a pensar no sentido da colocación dos obxectos, xa temos chegado a unha das fins...motivar a pensar, a preguntar, a pescudar...e moito máis!

Para min persoalmente foi unha experiencia única e moi enriquecedora, traballar para esta exposición, coa xente do Ateneo Ferrolán (en particular Cris, Pilar e o presidente Eliseo) que me apoiaron moitísimo, e me deixaron coñecer, en moi pouco tempo, boa parte do Patrimonio do Ateneo e agora podo soamente concluír dicindo que me gustaría moito poder volver facer unha cousa tan interesante coma esta mostra.





Danza do gato e o rato

Iván Costa

(Danza composta "ex profeso" para a XVII edición do Concurso de gaita galega Constantino Bellón)

ad libitum

Gaita

𝄋 ♩= 180 a tempo

1. 2.

1. 2.

1. 2. *D.S.*

1. 2.

Queremos agradecer especialmente a colaboración de
MOLDURAS COBELO
coa Revista Atenea durante todos estos anos.
Desexarlles desde aquí, con todo o noso cariño,
unha feliz xubilación.




Magdalena, 135 - Telf./FAX: 981 352 471

Cobelo

Molduras
Cuadros
Espejos
Grabados
Portafotos
Articulos de Bellas Artes

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -

c/ Merced, 11 - 15401 - FERROL
Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 31 44 33



Sí, Quiero.

Si queréis que vuestra boda se convierta en un recuerdo inolvidable
tanto para vosotros como para vuestros invitados, Paradores es vuestro sitio.
Sus acogedores y confortables salones, su exquisita cocina
y su excelente servicio, os conquistarán.
Y es que el Parador de Ferrol es un lugar diferente a todos los demás,
perfecto para celebrar un día tan especial

